

**A INFANCIA** é un período realmente importante para a creación de hábitos, actitudes e comportamentos.

## **UN NENO EDUCADO É UN FUTURO CONDUTOR CONCIENCIADO**

A educación viaria comeza no seo familiar e debe continuarse ao longo da vida, converténdose nunha das ferramentas preventivas máis eficaces.

O ámbito familiar é considerado o primeiro núcleo para xerar aprendizaxes viarias. Os pais son os primeiros modelos de comportamento.

**Porque o que aprenden hoxe sobre seguridade viaria lembrarano mañá.**



Os pais, a familia, os adultos deben colaborar no desenvolvemento de valores e comportamentos seguros e responsables no uso da vía pública. Xa sexa como PEÓNS, PASAXEIROS OU CONDUTORES.



**Por todo isto, debemos:**

- Concienciarnos da importancia do noso labor como educadores viarios (incluso antes da escola)
- Non deixarnos levar polas presas e o estrés laboral. É un aspecto moi valioso dedicar tempo a observar a recollida dos nosos fillos en zonas escolares; pode ser algo divertido e enriquecedor. Se se deteñen un segundo a observar, poderán decatarse do risco que xeran os pais e nais nas entradas e saídas dos colexios.



- Fomentar un cambio de actitudes ante a pasividade que xera este tema.
- Axudar a que os nosos fillos coñezan como utilizar a vía nas súas diferentes vertentes.
- Fomentar actitudes de conciencia cidadá.
- Coñecer certas normas, conceptos e elementos do contorno.

**SOMOS OS RESPONSABLES MÁIS DIRECTOS DA SEGURIDADE VIARIA DOS NÓS FILLOS**

## A morte sen SISTEMA DE RETENCIÓN INFANTIL

¿ASUMIMOS A RESPONSABILIDADE DE TRANSPORTAR CON SEGURIDADE AOS NOSOS FILLOS OU OS SEUS AMIGOS?

¿PODE SER UN HOMICIDIO?

● Os fiscais valoran novas estratexias para que a sociedade asuma a súa responsabilidade ante a sinistralidade viaria. Así, debaten a posibilidade de *considerar homicidio imprudente* a morte dun neno en accidente se viaxa sen cinto ou cadeira.



O TRÁFICO, COMO FENÓMENO SOCIOLÓXICO, AFECTA A TODOS, especialmente aos nenos. Os accidentes de tráfico son a principal causa de mortalidade infantil.

**CONCLUSIÓN:** OS NENOS APRENDEN POR IMITACIÓN, POR TANTO A CONDUCTA DOS PAIS REFLECTIRASE NAS CONDUCTAS POSTERIORES DOS NENOS.

- A educación viaria é tarefa de todos. Debe comezar desde as primeiras idades xa que todos somos educadores viarios.
- Xerando hábitos positivos desde as primeiras idades estaremos contribuíndo ás condutas positivas en idades adultas.
- Abrázao á vida

*Ti es o seu mellor modelo*



# PORQUE OS TEUS PASOS SON OS DOS TEUS FILLOS



# POLICÍA LOCAL

